

SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL

Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE
VIGO



INFORME XURÍDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCIÓN **Expte: 1987/1102**

Asunto: solicitude de acceso a información pública

ANTECEDENTES

En data 23.11.2025 Dna. [REDACTED] solicita copia íntegra foliada e certificada do expediente 19571/111.

En data 1.12.2025 solicitouse informe ao servizo xestor.

En data 11.12.2025 emitíuse informe da Asesoría Xurídica.

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público](#) (LRXSP)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local](#) (LBRL)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas](#) (LPAC)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno](#) (LTAIBG)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais](#) (LOPDGDD)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE](#) (RGPD)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do acceso á información solicitada.-

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española,*

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/12/2025 08:29	Páxina 1 de 7
	1987-1102		
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



desarrollados por esta Ley.

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.


Lei 19/2013, do 9 de decembro, ten por obxecto, de acordo con o seu artigo 1, ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade e establecer as obrigacións de bo goberno que deben cumprir os responsables públicos, así como as consecuencias derivadas do seu incumprimento. No seu artigo 13 establece o concepto de información pública, entendendo por tal os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste título e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións. Con todo, o acceso á información pública non é ilimitado, regulando a Lei, no seu artigo 14, os límites ao dereito de acceso, en función da propia natureza da información e, no seu artigo 18, a inadmisión das solicitudes que non son obxecto da filosofía que inspira a Lei 19/2013, do 9 de decembro, como son a rendición de contas e o acceso á conformación da vontade dos poderes públicos

SEGUNDO.- Da solicitude formulada.-

A solicitante interesa copia íntegra foliada e certificada do expediente 19571/111.

En relación ao expediente e, segundo consta no informe da Asesoría Xurídica , *"Comprobado o número de expediente referido pola solicitante polo seu número, trátase do conxunto de actuacións documentadas pola Asesoría Xurídica relacionadas co Recurso Contencioso-administrativo nº 4233/2025, interposto por [REDACTED] contra o acordo de aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo, que se está a tramitar perante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia"* . E por isto que a solicitante é a parte demandante no procedemento xudicial cuxo expediente solicita.

Neste senso, o artigo 14.1.f) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, establece que: O dereito de acceso poderá ser limitado cando acceder á información supoña un prexuízo para: [...] f) A igualdade das partes nos procesos xudiciais e a tutela xudicial efectiva. [...] Faise constar que esta previsión do art. 14.1 f) coincide coa do art. 3.1.i)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/12/2025 08:29

Páxina 2 de 7

1987-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL

Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE
VIGO



do Convenio do Consello de Europa sobre acceso aos documentos, que prevé como límite ao acceso a protección da igualdade das partes nos procedementos xudiciais e a administración eficaz da xustiza. Concretamente na memoria explicativa do Convenio sinalase que *"este apartado está destinado a proteger la igualdad de las partes en los procesos judiciales y el buen funcionamiento de la justicia. Este límite persigue asegurar la igualdad las partes en procesos judiciales tanto ante tribunales nacionales como internacionales y puede, por ejemplo, autorizar a una autoridad pública a denegar el acceso a documentos elaborados o recibidos (por ejemplo de su abogado) en relación con los procesos judiciales de los que sea parte. Deriva del artículo 6 del Convenio Europeo de Derechos Humanos, que garantiza el derecho a un proceso equitativo"*.

Así mesmo, o ditame da Comisión de Garantía de acceso á información pública de Cataluña núm. 5/2016 sinala *" Este límite busca, por tanto, asegurar que las administraciones públicas dispongan de las mismas garantías que el resto de ciudadanos para su defensa en el marco de los procesos judiciales de los que sean parte, sin que se puedan ver perjudicadas por el derecho de acceso, que no debe permitir que la contraparte obtenga por esta vía los documentos e informaciones elaborados específicamente para el proceso judicial, documentos e informaciones que la contraparte no tiene tampoco la obligación de facilitar a la Administración. El acceso a estos documentos podría permitir a la contraparte conocer la estrategia de defensa, la argumentación jurídica y elementos probatorios de la Administración –y sus puntos débiles– antes del momento procesal oportuno, y la situaría en una posición de ventaja contraria a la igualdad de armas que debe regir todo proceso, también aquellos en que sea parte la Administración"*.

O informe da Asesoría Xurídica determina **" II. A partires do anterior, cómpre expoñer o seguinte. Primeiramente que a Lei 39/2015 define no seu art. 70 o expediente administrativo como o conxunto ordenado de documentos e actuacións que serven de antecedente e fundamento á resolución administrativa, así como as dilixencias encamiñadas á executala.**

Para o caso, agás supostos moi concretos, a Asesoría Xurídica non tramita expedientes administrativos coa finalidade de que rematen do modo regrado e normal, é dicir, mediante resolución. A específica natureza deste órgano determina que a súa intervención normalmente se produce no marco dos expedientes doutras áreas ou servizos municipais.

Isto, na vertente das funcións legais de asesoramento xurídico, porque no caso da

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/12/2025 08:29

Páxina 3 de 7

1987-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



representación e defensa en xuízo, as únicas resolucións que se poden producir nun procedemento xudicial de calquera orde e segundo a fase, son as ditadas por quen é competente; Letrado/a da Administración de Xustiza, Maxistrado/-Xuíz, Xulgado ou Tribunal.


O que leva a cabo a Asesoría Xurídica do Concello de Vigo é unha labor de documentación das actuacións do seu órgano en cada procedemento xudicial no que participa ou cando se solicita a súa intervención, mediante a incorporación da copia dos documentos remitidos polo órgano xudicial correspondente xunto cos documentos internos municipais, en termos semellantes ao disposto no art. 47 do R.D-Lei 6/2023, que define o expediente xudicial electrónico como o conxunto ordenado de datos, documentos, trámites e actuacións electrónicas, así como de gravacións audiovisuais, correspondentes a un procedemento xudicial, calquera que sexa o tipo de información que conteñan e o formato no que se xeraran.

A razón de que se documenten de modo electrónico e de que se xere un número de expediente interno, non é polo tanto, porque se corresponda cun expediente administrativo dos regulados na Lei 39/2015, senón porque o esixe por unha banda, o mandato da Lei 40/2015, que establece o funcionamento por medios electrónicos da Administración, e nomeadamente no seu art. 46 o emprego de documentos electrónicos.

E por outra banda, porque ese funcionamento e documentos electrónicos garanten a interoperabilidade e funcionamento por medios electrónicos co conxunto da Administración de Xustiza, esixencia contida no citado R.D-Lei 6/2023; arts. 32, 33.3, 34, ou 41, entre outros.

En conclusión, o feito de que se inserte un número nos documentos electrónicos da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo non transforma o conxunto de documentos que se manexen con relación a un procedemento xudicial nun expediente administrativo.

A este respecto, e por ofrecer un termo de comparanza, revisados ao chou os documentos recentes que a Avogacía do Estado presentou en diferentes preitos, ou os asinados polas persoas integrantes do Corpo de Letrados da Xunta de Galicia non conteñen referencia identificativa interna algunha, senón só o número do procedemento xudicial. De modo que se os do Concello de Vigo carecesen dese número a solicitante só manexaría como referencia o número de recurso contencioso-administrativo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/12/2025 08:29

Páxina 4 de 7

1987-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



III. Precisamente cómpre examinar esa dobre condición da solicitante con relación ao procedemento xudicial. No expediente tramitado pola Secretaría de Goberno Local se presenta como solicitante do dereito á información pública, que se define conforme ao art. 13 da Lei 19/2013 como os contidos ou documentos en poder da Administración municipal -neste caso- e elaborados no exercicio das súas funcións.

O art. 14 da mesma Lei dispón como límites a ese dereito ao acceso á información pública unha relación de supostos, sempre que o acceso á información supoña un prexuízo, e de modo individualizado recolle na letra «f) La igualdad de las partes en los procesos judiciales y la tutela judicial efectiva». O apartado segundo dispón unha aplicación destes límites xustificada e proporcionada ao seu obxecto, finalidade de protección e casuística.

E no Recurso Contencioso-administrativo 4233/2025 figura esta persoa inequivocamente personada como parte demandante contra a mesma Administración da que reclama coñecer íntegra e indiscriminadamente o contido das actuacións producidas e documentadas pola Asesoría Xurídica por mor da súa participación no procedemento xudicial.

IV. Como se está a expoñer, o contido dese expediente ao que solicita acceso replica os escritos que o órgano xudicial traslada ás partes, incorporándoos, polo que a parte demandante tamén os coñece, e por outro lado, os producidos polas persoas funcionarias adscritas á Asesoría Xurídica, que son os que nomeadamente definen a actuación do Concello de Vigo como parte demandada, e que, de facilitar o seu acceso comporta a vulneración do dereito de defensa protexido constitucionalmente (art. 24 C.E.). Isto exclúe, polo tanto, o acceso parcial referido no art. 16 da Lei 19/2013.

A solicitante non interesa trámite algún concreto, senón que solicita un acceso ilimitado á totalidade das actuacións documentadas, o que tampouco resulta lóxico posto que como parte demandante lle asisten dereitos de acceso ao expediente xudicial electrónico (art. 5.2 g) e 17 do R.D-Lei 6/2023), e á información sobre o estado de tramitación (art. 46 da mesma norma).

A participación activa da solicitante no procedemento xudicial é constante, e consultados os últimos trámites no mesmo, figura unha solicitude pola súa parte para que se complete o expediente administrativo, así como cuestións relacionadas cos emprazamentos aos posibles interesados no proceso.

O límite establecido no art. 14 da Lei 19/2013 neste caso concorre con claridade xa

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/12/2025 08:29

Páxina 5 de 7

1987-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



que non é posible dende o punto de vista xurídico permitir o acceso a un conxunto de actuacións documentadas electronicamente polo órgano encargado da defensa da Administración sen vulnerar o dereito de defensa desta.

Resulta inadmisíble que unha solicitante que ademais é demandante nun procedemento xudicial pretenda completar a información á que lexítimamente ten acceso como parte, e que se lle traslada e notifica, empregando como medio para tal fin o exercicio do dereito ao acceso á información.

Porque un acceso completo ao conxunto de actuacións da Asesoría Xurídica implicaría o coñecemento de actuacións preparatorias de tipo probatorio, acceso a informes e outros escritos que non teñen natureza estritamente procesual, pero con incidencia directa sobre a defensa do interese público municipal, prevalente sobre o particular da solicitante-demandante.

Polo exposto, e sen prexuízo do que finalmente se resolva neste expediente de acceso á información, non procede o acceso ao conxunto de actuacións da Asesoría Xurídica incorporadas ao aplicativo de Xestión de expedientes municipais co número 19571/111. A solicitante dispón de dereitos positivizados de acceso ao expediente xudicial electrónico e ás actuacións procesuais dun asunto no que é parte perante o órgano xudicial correspondente, e pola contra, non lle asiste dereito algún a vulnerar o dereito de defensa do Concello de Vigo, de conformidade co límite expreso establecido no art. 14 da Lei 19/2013".

Polo exposto procede, conforme o artigo 14.1.f) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, inadmitir a solicitude de acceso a información pública presentada pror Dna. [REDACTED]

TERCEIRO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude de acceso a información correspóndelle a Concelleira de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas de data 28.06.2024.

Polo exposto fórmulase a seguinte **PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Inadmitir a solicitude de acceso a información pública presentada por Dna. [REDACTED] en base ao apartado segundo das consideracións xurídicas do presente informe.

Copia do documento - Concello de Vigo
1987-1102

Data impresión: 15/12/2025 08:29

Páxina 6 de 7

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



SEGUNDO.- Notificar a solicitante indicándolle que contra a resolución de acceso a información pública que pon fin á vía administrativa poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.


A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023 modificada por Resolución de data 28.06.2024 e Resolución de delegación específicas de data 28.06.2024, BOP nº 129 de data 9.07.2024)

Dou fe, a secretaria



Copia do documento - Concello de Vigo
1987-1102

Data impresión: 15/12/2025 08:29

Páxina 7 de 7

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>